



23.-ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO FISCAL

PUBLICACIÓN: B.O.P. 31/12/2014

Preámbulo

A Lei de Bases do Réxime Local, do 2 de Abril de 1985, atribúe ós concellos, no seu art. 25.2.g), competencias en materia de abastos, matadoiros, mercados e defensa dos consumidores.

Por outra banda, o art. 4 da referida Lei outórgalles ás entidades locais potestade regulamentar na esfera das súas competencias.

É por iso que este Concello considera a conveniencia de regular, no exercicio desas competencias, e respectando en todo a normativa derivada da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, as actividades de venda ambulante en todo o territorio municipal a través da presente ordenanza.

TÍTULO I

Capítulo I.- Normas de carácter xeral.

Art. 1.- Esta ordenanza ten como obxecto regular os condicionados e requisitos que se deben cumprir para o exercicio de actividades comerciais fóra de locais específicos, nas vías públicas ou en terreos e recintos abertos, con emprego de estruturas desmontables e transportables en todo o ámbito territorial do Municipio.

Tamén terá a consideración de venda ambulante a publicidade reiterada fóra dos locais comerciais a través de revistas, folletos ou calquera outro soporte publicitario.

Art. 2.- A venda ambulante desenvolverase, con carácter xeral, nos lugares e rúas que para tal fin indique o Concello, e terá lugar nos días 14 e 27 de cada mes, ou nos días nos que a feira, polas causas que sexan, resulte trasladada a datas diferentes das fixadas especificamente para celebrala.

A feira durará dende as 09.00 ata as 15.00 horas.

Fóra das zonas sinaladas tan só se poderán autorizar actividades de carácter excepcional motivadas por festas ou acontecementos similares, precisándose, en todo caso, o preceptivo permiso estendido pala Presidencia do Concello.

Art. 3.- Queda prohibido en todo o Municipio o exercicio da venda ambulante, calquera que sexa a súa modalidade, sempre que non se axuste ó disposto na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e a normativa fixada na presente ordenanza.

Art. 4.- En ningún caso se permitirá instalar postos nas beirarrúas que estorben ou dificulten o paso a locais comerciais, nin diante das súas vitrinas, nin nos accesos a edificios, públicos ou privados, nin, finalmente, en lugares nos que se dificulte o tránsito de vehículos ou de persoas.

Capítulo II.- Venda ambulante e clase de licencias.

Art. 5.- Considerarase venda ambulante, para os efectos desta ordenanza:



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

A realizada en feiras e mercados que teñan lugar en sitios fixos e con periodicidade determinada.

A realizada en épocas coincidentes con festas e outros acontecementos de carácter popular.

O comercio nas rúas, entendido como o realizado ó ar libre, cun certo número de postos e en épocas determinadas

Os postos de xeados, castañas e outros produtos de temporada.

A publicidade reiterada de produtos, a través de folletos, revistas ou calquera outro soporte publicitario, fóra dos establecementos comerciais.

Art. 6.- Non terán a consideración de venda ambulante as que se realicen en recintos ou locais ocupados por un certame feiral.

Art. 7.- A presente ordenanza será de aplicación subsidiaria, a falta de normativa expresa debidamente aprobada polo Concello, as modalidades de venda que de seguido se detallan:

a) Ós mercados, con postos de venda non fixos, que se organicen con motivo de festas locais ou acontecementos populares de carácter anual.

b) A venda organizada con motivo de acontecementos deportivos, musicais e similares, sempre que se trate de produtos directamente relacionados co evento de que se trate e se leve a cabo exclusivamente no decurso dos mesmos.

c) A venda realizada por organismo ou entidades legalmente recoñecidas, que non teñan ánimo de lucro, e que persigan obxectivos políticos, sindicais, relixiosos ou cívicos relacionados coa consecución das súas finalidades específicas.

d) As realizadas con motivo de eventos expositores ou de promoción de actividades de carácter cultural, tales como feiras do libro e similares.

e) A venda ambulante realizada mediante vehículos-tenda, que será permitida, axustándose ós termos da presente ordenanza, e tamén ó disposto na Lei de Ordenamento do Comercio Interior de Galiza, nos núcleos do rural, excluíndose expresamente a vila de Xinzo.

f) As ofertas realizadas a través de publicidade reiterada mediante folletos, revistas ou calquera outro soporte publicitario.

Art. 8.- Para dedicarse legalmente á venda ambulante no Municipio de Xinzo requírese estar en pose de permiso expreso en forma de licenza municipal.

Art. 9.- Clases de licencias:

a) Licencias para a venda de artigos de temporada, con localización en zonas ou lugares concretos e por tempo determinado.

b) Licenza para a venda na vía pública durante un tempo determinado ou en puntos ou zonas previamente sinaladas.

c) Licenza para o exercicio de actividades como as de afiador, fotógrafo ou limpabotas.

d) Licenza para a venda de produtos non previstos nos apartados anteriores, exceptuándose a de toda clase de produtos alimentarios, que queda prohibida de acordo coa regulamentación que se contén na normativa vixente.

e) Licenza para o reparto, distribución e difusión publicitaria.



TÍTULO II

Capítulo III.- Procedemento.

Art. 10.- Será de competencia da Presidencia do Concello autorizar a venda en calquera das modalidades previstas nesta ordenanza.

Art. 11.- Poderán optar á concesión das licencias que se regulan nesta ordenanza todas as persoas, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica de obrar conforme á lexislación mercantil e ó establecido na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Art. 12.- O pedimento de permiso para o exercicio da actividade deberá ser presentado pola persoa interesada, ou polo seu representante legal, por medio dun escrito dirixido ó Sr. Presidente, no rexistro do Concello de Xinzo, sendo preceptivo que consten as seguintes referencias.

Nome, apelidos e enderezo, constando tamén o DNI ou pasaporte da persoa interesada ou do seu representante legal.

Localización, entre os lugares autorizados, daquel que se pretende para desenvolver a actividade.

Mercadorías que se vaian vender.

Tempo polo que se solicita o permiso.

Metros cadrados que se pretenden ocupar.

Xuntaranse ó pedimento de permiso os documentos que de seguido se detallan:

Fotocopia do DNI ou pasaporte.

Xustificante de alta na Seguridade Social e de estar ó día no pagamento das cotas.

Xustificante de alta na matrícula do I.AA.EE e de estar ó día no pagamento das cotas.

Xustificante de estar ó corrente no pagamento das taxas que determina a ordenanza fiscal de aplicación.

Declaración xurada de reunir os produtos destinados a venda todos os requisitos esixidos pola normativa reguladora, así como tamén de non realizar actividades con produtos prohibidos.

Declaración xurada de coñecer as normas reguladoras da súa actividade e do seu compromiso de observalas.

Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade de entre as que contempla a lei para o exercicio do comercio.

Art. 13.- Os cidadáns que non pertencen á Unión Europea deberán xustificar, antes de lles ser pasado o permiso para o exercicio da actividade, estar en pose dos preceptivos permisos de traballo e de residencia estendidos polos organismos correspondentes.

Art. 14.- As licencias outorgadas a cidadáns orixinarios de estados non pertencentes á Unión Europea ficarán sen vigor ó remate da vixencia, por calquera causa que fora, dos permisos de traballo e residencia.

Art. 15.- As licencias serán persoais e intransferibles, os seus titulares serán exclusivamente persoas físicas ou xurídicas e serán concedidas por prazo determinado. As licencias terán un prazo máximo de duración dun ano natural.

No mes de decembro de cada ano, debe presentarse a documentación esixida para renovar a licenza.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

No caso de querer deixar o posto, debe comunicarse ao Concello con ao menos quince días de antelación.

O abandono do posto sen esta previa comunicación constitúe infracción.

Non se concederá máis dunha licenza a unha mesma persoa.

Art. 16.- Na licenza debe constar:

- Nome e apelidos do titular.
- Nº do DNI ou pasaporte.
- Enderezo.
- Fotografía.
- Mercadoría que se vende.
- Período de vixencia.

Estas referencias deberán estar á vista, xunto co nº de posto de venda que lle for asignado.

Art. 17.- As licencias serán estendidas tan pronto como se xustifique o ingreso en arcas municipais da cota correspondente ó posto asignado segundo a ordenanza fiscal de aplicación.

Art. 18.- Para a actividade de comercio en réxime de ambulancia terán que se empregar elementos expositores desmontables, quedando expresamente prohibido expor mercadorías no chan.

Os postos que se instalen non impedirán acceder a edificios, tanto públicos como privados, nin a establecementos comerciais, e ningún caso dificultarán a visibilidade das súas vitrinas, procurándose, por outra parte, que non dificulten o tránsito dos viandantes.

Art. 19.- O xustificante de pagamento da matrícula do IAE tamén a de estar patente en cada posto de venda.

Art. 20.- Requisitos relativos aos produtos primarios e a súa obtención que establece a normativa reguladora, nos termos do artigo 7 do Decreto 125/2014, de 14 de setembro, que regula a venda directa dos produtos primarios en Galicia:

1. Produtos primarios:

- Mel, polen, propole, xelea real.
- Ovos.
- Froita e froitos silvestres.
- Legumes e hortalizas.
- Cogomelos, nas condicións establecidas no Real Decreto 30/2009, do 16 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias para a comercialización de cogomelos para uso alimentario.
- Cereais.

2. Só poderán comercializarse en venda directa, baixo as condicións deste decreto, os produtos producidos na explotación da persoa vendedora, agás no caso dos cogomelos silvestres, que se poderá recoller fóra desta.

3. No caso dos ovos, non estará permitida a venda directa na modalidade de venda a establecementos de venda polo miúdo que se recolle na letra c) do artigo 4.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Art. 21.- Unha vez completado o cupo de licencias correspondentes ó lugar ou lugares de venda sinalados, non se concederán outras novas ata que algún dos titulares se dea de baixa, asignándose os postos, como regra xeral, segundo a orde de entrada de pedimentos no rexistro do Concello. Como excepción a regra xeral e en función da situación económica e persoal dos solicitantes, que será valorada polos servizos sociais previa presentación da documentación acreditativa, elevarase proposta á Alcaldía para a concesión de novas licencias.

Capítulo IV.- Obrigas a cumprir para o exercicio da venda ambulante.

Art. 22.- Os requisitos que han de cumprir os titulares das licencias son os que de seguido se detallan:

Alta na matrícula do IAE que corresponda e estar ó día no pagamento da cota.

Alta no réxime da Seguridade Social que corresponda e estar ó día no pagamento das cotas.

Venda só dos produtos para os que for estendida a licenza.

Pesas e medidas debidamente contrastadas polos servizos da Consellería de Industria e do Comercio.

Observación rigorosa das normas sanitarias en vigor.

Manter as instalacións, postos e demais elementos en perfecto estado de seguridade, hixiene, conservación e limpeza, debendo, ó final da xornada, deixar libres de restos os espazos ocupados.

Retirar os soportes publicitarios tan pronto como termine o período ó que se refira.

Distribuír sempre as revistas ou folletos publicitarios nas caixas postais ou nos lugares expresamente indicados nas entradas dos edificios, sen que se permita en ningún caso o seu lanzamento no chan das entradas e sobre as vías públicas.

Exhibir en lugar visible tanto o permiso para a venda como os xustificantes de ingreso das taxas que correspondan á actividade da que se trate por ocupar a vía pública, sen prexuízo da obriga de mostrar cantos documentos lles poidan ser requiridos polos axentes e funcionarios destinados a controlar a venda ambulante.

Mostrar a factura ou facturas de compra dos produtos destinados á venda, no caso de ser requiridos polos axentes e funcionarios municipais.

Instalar depósitos de recollida de lixo para uso propio e dos seus clientes.

Xustificar a vixencia de todos os documentos requiridos cada vez que proceda renovar a licenza

Art. 23.- O Concello velará polo máis estrito cumprimento da normativa referida ós permisos que se concedan, e moi especialmente polas esixencias e condicionados de carácter hixiénico-sanitario.

Art. 24.- Queda terminantemente prohibido durante o exercicio da venda ambulante:

Producir ruídos, proferir berros ou emitir música que incumpran a normativa municipal ou molesten ó público.

Pasar ou ceder a licenza, e tamén cambiar as instalacións ou amplialas sen permiso municipal, e, finalmente, estender mercadorías fóra dos límites do posto.

Exercer calquera actividade ou comercio que se opoña ó establecido na presente ordenanza.

Manter estacionados os seus vehículos detrás do posto.

Deixar polo chan en portais, vías públicas e mobiliario urbano, ou en fachadas de edificios, calquera clase de revistas ou folletos publicitarios.



Art. 25. - Durante o exercicio da venda ambulante

1. A ocupación dun posto sen contar coa previa autorización constitúe ocupación sen título habilitante de dominio público, e polo tanto, os axentes da Policía Local encargados da vixilancia deberán proceder á retirada do posto, no momento da comprobación da ocupación sen título habilitante, levantando acta ao efecto a fin de poder iniciarse os tramites do correspondente expediente sancionador.

2. Os titulares das licencias poderán incorrendo en faltas que se clasifican en leves, graves e moi graves.

2.1. Serán faltas leves:

Producir ruídos, proferir gritos o emitir música que incumpran as normas vixentes en materia de ruídos e vibracións.

Falta de limpeza no posto e zona circundante durante o exercicio da actividade e ao finalizar esta.

2.2. Serán faltas graves:

A reiteración por dúas veces de faltas de carácter leve.

O incumprimento das normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos auxiliares.

A venda de produtos para os cales non se estivera autorizado.

A instalación do posto en lugar diferente ao autorizado.

Ocupar repetidamente, polo menos dous veces a superficie superior á autorizada.

Non xustificar mediante a factura correspondente a procedencia das mercadorías.

A venda de produtos deteriorados, defectuosos o trucados para obter exceso de beneficio.

Pasar o transmitir a licenza sen cumprir previamente os trámites que procedan.

A non ocupación do posto durante o período de dous meses sen causa que se o xustifique.

O non pagamento das cotas correspondentes ao Concello.

2.3. Serán faltas moi graves:

As ofensas de palabra u obra a os corporativos, axentes da autoridade o funcionarios delegados.

Discutir, pelexar ou orixinar altercados cos demais vendedores o con elementos do público, alterando o orden público.

A venda de produtos alimenticios en mal estado e con evidentes riscos de dano parala saúde.

O exercicio da venda ambulante sen os preceptivos permisos de traballo o de residencia para os non pertencentes á Unión Europea.

O exercicio durante a venda ambulante de actividades de carácter delictivo nos termos do Código Penal.

Haber sido sancionado por tres faltas leves.

Haber sido sancionado por dúas faltas graves de maneira consecutiva.

Desenrolar actividades sen licenza.



Art. 26.- Previa a tramitación do correspondente expediente, coas debidas garantías, e nos casos nos que os vendedores ambulantes cometan as faltas que se contén no art. anterior, o Sr. Presidente do Concello poderá aplicar o réxime sancionador que de seguido se detalla:

Faltas leves: multa, con mínimo de 100,00 euros e máximo de 150,00 euros.

Faltas graves: multa, con mínimo de 150,01 e máximo de 300,00 euros, podendo tamén ser decretado suspender temporalmente a licenza concedida.

Faltas moi graves: suspensión definitiva da licenza municipal e multa de 200,00 euros.

Disposicións adicionais

1ª. Os vendedores ambulantes veranse obrigados a comparecer no lugar do posto que teñan asignado unha hora antes da fixada para a apertura do mercado, co fin de se instalar, podendo dispor dese espazo ata as 9.00 horas.

2ª. Os produtos de temporada serán expendidos na Praza de Abastos, sen prexuízo de que poidan ser nas rúas, nos termos desta ordenanza, mentres non se habiliten lugares naquela, os días da semana que se indiquen en demanda dirixida ó Concello.

3ª. Cada vendedor poderá solicitar que se lle asigne un espazo na vía pública, sen que exista a posibilidade de instalar anexos máis que ao fronte, que en ningún caso serán móbiles.

4ª. A venda desde vehículos tan só caberá cando sexa necesario refrixerar os produtos ou a modalidade de venda dependa da mecanización do vehículo.

5ª. Os postos para a venda de polbo tan só poderán ser instalados nos lugares que expresamente se indiquen, suxeitos ó cumprimento dos condicionados de carácter particular que se incorporen á licenza.

6ª. O Concello velará para facer efectiva a obriga dos vendedores ambulantes de deixar en perfecto estado de limpeza os postos ocupados na vía pública, en para tal fin porá ó seu dispor, en especial os días de feira, os recipientes e demais medios auxiliares que lles faciliten o cumprimento desa obriga.

Disposicións transitorias

1ª. Para ocupar os postos terán preferencia os vendedores que na actualidade, e dende hai uns anos, exercen as súas actividades comerciais nas zonas tradicionalmente ocupadas polo mercado os días de feira en Xinzo.

2ª. Con carácter xeral fíxase un prazo de dous meses dende a entrada en vigor desta ordenanza para se adaptar ós condicionados que nela se establecen.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno Municipal na reunión do 13 de novembro de 2014, substitúe e derroga á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente."